



**XOVES 20.05.10: ASEMBLEA XERAL ORDINARIA E INAUGURACIÓN DO NOVO LOCAL SOCIAL DA APDR**

A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) vai celebrar a súa Asemblea Xeral Ordinaria correspondente ao ano 2010. Nesta asemblea, que terá lugar mañán XOVES día 20 ÁS 20:15 HORAS NA GALERÍA SARGADELOS de Pontevedra, a Xunta Directiva saínte presentará os balanzos económico e de actividades do período 2009-2010 e as propostas de actividades para o novo período. Así mesmo, elixirase a nova Xunta Directiva encargada de dirixir a asociación no período 2010-2011.

Unha vez rematada a asemblea, terá lugar a INAUGURACIÓN do novo local social da APDR, no andar 1ºB do número 3 da rúa Michelena, un acto ao que temos o gusto de vos convidar.

Agardando poder contar coa vosa presenza nestes dous actos, recibide un afectuoso saúdo,

Antón Masa, presidente da APDR